



ORATORIA (2º ESO y 1º BAC)

A materia de Oratoria ten como finalidade **traballar a expresión oral e as técnicas para a elaboración de discursos** completos, interesantes e atractivos. Aínda que é unha materia ofertada polo Departamento de Lingua Castelá, a lingua pode ser calquera das dúas oficiais.

O desenvolvemento da materia está orientado ao análise e produción de discursos, que non teñen que xirar entornando ás Humanidades, pois pode traballarse dende a **lectura expresiva**, ao **discurso argumentativo ou persuasivo** ou ao **monólogo científico** e a comunicación telemática a través de **vídeos**, buscando sobre todo a actualidade e variedade de temas e enfoques.

Traballaranse aspectos como os **bloqueadores** que nos fan sentir **medo escénico** e “temer” unha explicación diante de xente que non coñecemos, a **expresión corporal e linguaxe non verbal** (como colocarse), o **ton e os silencios**, así como a estrutura que demanda cada tipo de discurso (**técnicas para crear un bo discurso**).

O traballo é fundamentalmente oral, polo que a avaliación farase sobre as prácticas e non sobre probas escritas (**non hai exames escritos**).

Na medida do posible, e segundo permitan as circunstancias sanitarias do curso que vén, promoverase o **traballo en pequenos grupos** e a participación en convocatorias diversas alleas ao centro (torneos de debate, Parlamento Xove, etc.), que permitan buscar escenarios reais de comunicación oral.